

ACTA NÚMERO: 30/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 28 de setembro de 2023 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: José Carlos López Campos, Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG,
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 21 de setembro de 2023 (Reunión 29/2023).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanoviña, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)" (Expte.- 2023011811).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2022070543).*
4. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas). (Expte.- 2023025772).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas). (Expte.- 2023025772).*

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto o Presidente como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asiste o vogal permanente da Mesa de Contratación, Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 21 de setembro de 2023 (Reunión 29/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 21 de setembro de 2023 (Reunión 29/2023).

2. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanoviña, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)" (Expte.-2023011811).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial 2023004465 de data 06/06/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanoviña, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de xuño de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 30/06/2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP- 8004 Caldas-Vilanoviña, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MONCOSA OHS, S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.



A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, con data 31 de xullo de 2023, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	18,00	3,00	21,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
MONCOSA OHS, S.A.	12,00	2,00	14,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	3,00	25,00
NAROM, S.L.	18,00	2,00	20,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 31/08/2023 en base ó informe do Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, de data 31 de xullo de 2023, acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanoviña, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)".

Na reunión do día 31 de agosto de 2023 a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	153.656,10 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	152.551,14 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	164.920,15 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	160.302,39 €	3%	36 MESES	SI	SI
MONCOSA OHS, S.A.	156.604,85 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	153.309,77 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	149.731,00 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por NAROM, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoña para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que NAROM, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	23,22	5,00	5,00	5,00	38,22
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	25,31	5,00	5,00	5,00	40,31
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00



LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	9,84	5,00	5,00	5,00	24,84
MONCOSA OHS, S.A.	17,65	5,00	5,00	5,00	32,65
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	23,88	5,00	5,00	5,00	38,88

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa NAROM, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanoviña, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050 (Concello de Meis)" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	24,00	40,31	64,31
2ª	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	25,00	38,88	63,88
3ª	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	18,00	38,22	56,22
4ª	MONCOSA OHS, S.A.	14,00	32,65	46,65
5ª	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	24,84	42,84
6ª	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	21,00	15,00	36,00

- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-8004 Caldas-Vilanoviña, do P.Q. 7+650 ao P.Q. 8+050



(Concello de Meis)" á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	152.551,14 €
IVE (21%)	32.035,74 €
Importe Total	184.586,88 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429), mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
 - a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
 - 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.



- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 7.627,56 €

3. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2022070543).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, adoptado na sesión ordinaria do día 16 de xuño de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 20/06/2023, aparecendo publicado o día 22/06/2023 (Anuncio de licitación 2023/S119- 377537), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22/06/2023. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 31/08/2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF: B15743750)
- BOLUME ENERXIA S.L. (CIF: B32430944)
- COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)
- GESTCALOR SL (CIF: B94038106)
- GLOBAL BIOMASSE, S.L. (CIF: B32481889)
- MOSQUERA VILLAVIDAL,SL. (CIF: B32117764)
- SERVICIOS LACAR SALNES SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B01747328)

Na reunión da Mesa de Contratación do día 31/08/2023, tamén se procedeu á apertura electrónica dos sobre “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:



ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF: B15743750)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE: 325,00 €
IVE (21%): 68,25 €
Importe total ofertado:393,25 €

BOLUME ENERXIA S.L. (CIF: B32430944)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE: 270,00 €
IVE (21%): 56,70 €
Importe total ofertado:326,70 €

COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE: 316,00 €
IVE (21%): 66,36 €
Importe total ofertado:382,36 €

GESTCALOR SL (CIF: B94038106)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE: 331,00 €
IVE (21%): 69,51 €
Importe total ofertado:400,51 €

GLOBAL BIOMASSE, S.L. (CIF: B32481889)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE: 335,00 €
IVE (21%): 70,35 €
Importe total ofertado:405,35 €

MOSQUERA VILLAVIDAL,SL. (CIF: B32117764)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE: 323,90 €
IVE (21%): 16,19 €
Importe total ofertado:340,09 €



Non obstante, detectado erro no cálculo do IVE, procédese ó cálculo correcto do mesmo, que queda do seguinte xeito:

Importe sen o IVE: 323,90 €
 IVE (21%): 68,02 €
 Importe total ofertado: 391,92 €

SERVICIOS LACAR SALNES SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B01747328)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE: 350,00 €
 IVE (21%): 73,50 €
 Importe total ofertado: 423,50 €

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa BOLUME ENERXIA S.L. (NIF: B32430944), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ós prezos ofertados.

Ante este feito, a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

Achegada a documentación requirida, o servizo do Centro Príncipe Felipe, mediante informe de data 20/09/2023 (ZHI2RBF7IFSLKM77), establece que “non se considera que a empresa BOLUME ENERXIA, S.L (CIF: B32430944) xustifique de forma fehaciente a súa oferta económica anormal ou desproporcionada”.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre “B” de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

LICITADORES	Sobre B Criterio prezo ofertado, ata un máximo de 100 puntos.
COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)	100 puntos
MOSQUERA VILLAVIDAL, SL. (CIF: B32117764)	93,706 puntos
ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF: B15743750)	92,830 puntos
GESTCALOR SL (CIF: B94038106)	88,098 puntos
GLOBAL BIOMASSE, S.L. (CIF: B32481889)	85,136 puntos





SERVICIOS LACAR SALNES SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B01747328)	74,032 puntos
--	---------------

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar o informe emitido polos técnicos do Centro Príncipe Felipe de data 20/09/2023 e, en base ao mesmo, propor ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, a exclusión da oferta presentadas pola empresa BOLUME ENERXIA S.L. (CIF: B32430944), por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe, que quedan da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓNS TOTALS
1ª	COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)	100 puntos
2ª	MOSQUERA VILLAVIDAL, SL. (CIF: B32117764)	93,706 puntos
3ª	ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF: B15743750)	92,830 puntos
4ª	GESTCALOR SL (CIF: B94038106)	88,098 puntos
5ª	GLOBAL BIOMASSE, S.L. (CIF: B32481889)	85,136 puntos
6ª	SERVICIOS LACAR SALNES SOCIEDAD LIMITADA (CIF: B01747328)	74,032 puntos

- 3) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato para a subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa instaladas no Centro Príncipe Felipe, conforme ao seguinte detalle:

COMBUSTIBLES GARBOSA, S.L. (CIF: B86253374)

Prezo por tonelada ofertado:

Importe sen o IVE:	316,00 €
IVE (21%):	66,36 €
Importe total ofertado:	382,36 €

4. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de



conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas). (Expte.-2023025772).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023005327 de data 28/06/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato de "Asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)".

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 28/06/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas presentadas e admitidas foron as seguintes:

- CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACION S.L. (CIF B36975845)
- DAVID VAZQUEZ GARCIA (DNI: 44482311N)
- VICTOR GRANDE NIETO (DNI: 44480263B)

A Mesa de Contratación na reunión do día 31/08/2023 procedeu á apertura do sobre "A", nos que aparte da documentación administrativa tamén figuraba a documentación técnica, aportada polas empresas que optan á adxudicación do procedemento convocado para a contratación do referido servizo, remitíndose a mesma ó servizo de Arquitectura para á súa valoración.

Con data 22/09/2023 os técnicos do Servizo de Arquitectura, emiten informe (CSV: H2EOYLFYV7Z2V6YY) relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas que optan á adxudicación deste contrato e que acadan o seguinte resultado:

LICITADORES	9.1.1. análise ámbito e condicionantes	9.1.2. proposta procedementos	puntuación sobre A
CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACION S.L.	10	3	13
DAVID VAZQUEZ GARCIA	16	4,5	20,5
VICTOR GRANDE NIETO	17	6	23

Na cláusula 9.1 do PCAP establécese que para continuar neste procedemento aberto simplificado a empresas que optan á adxudicación do contrato deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor (sobre A); polo que todos os licitadores acadan a puntuación mínima esixida.



A Mesa de Contratación en base ó informe emitido polos técnicos do Servizo de Arquitectura de data 22/09/2023, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas: CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACION S.L. (CIF B36975845), DAVID VAZQUEZ GARCIA (DNI: 44482311N) e VICTOR GRANDE NIETO (DNI: 44480263B) na valoración técnica das ofertas presentadas para optar á adxudicación deste contrato.

5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dos servizos de asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas). (Expte.-2023025772).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas o procedemento aberto simplificado abreviado para a contratación da "Asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)", e que é a seguinte:

LICITADORES	9.1.1. análise ámbito e condicionantes	9.1.2. proposta procedementos	puntuación sobre A
CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACION S.L.	10	3	13
DAVID VAZQUEZ GARCIA	16	4,5	20,5
VICTOR GRANDE NIETO	17	6	23

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descifrado e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACION S.L. (B36975845)



1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	10.400,00 €
IVE (21 %):	2.184,00 €
Importe total ofertado:	12.584,00 €

2. Experiencia del equipo de trabajo superior al mínimo establecido en los pliegos

Criterio	Numero proxectos ofertados (a maiores dos mínimos)
Numero de proxectos de rehabilitación de edificios históricos no que teña participado o equipo redactor a maiores dos mínimos esixidos	4
Numero de traballos relacionados coa mellora da envolvente de edificios nos que teña participado o equipo redactor, a maiores do mínimo esixido	6

DAVID VAZQUEZ GARCIA (44482311N)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	10.143,14 €
IVE (21 %):	2.103,06 €
Importe total ofertado:	12.246,20 €

2. Experiencia del equipo de trabajo superior al mínimo establecido en los pliegos

Criterio	Numero proxectos ofertados (a maiores dos mínimos)
Numero de proxectos de rehabilitación de edificios históricos no que teña participado o equipo redactor a maiores dos mínimos esixidos	4 proxectos rehabilitación 6 proxectos de restauración
Numero de traballos relacionados coa mellora da envolvente de edificios nos que teña participado o equipo redactor, a maiores do mínimo esixido	5 proxectos arquitecto 2 proxectos arq. técnico

VICTOR GRANDE NIETO (44480263B)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	10.330,57 €
IVE (21 %):	2.169,42 €
Importe total ofertado:	12.499,99 €

2. Experiencia del equipo de trabajo superior al mínimo establecido en los pliegos



Criterio	Numero proxectos ofertados (a maiores dos mínimos)
Numero de proxectos de rehabilitación de edificios históricos no que teña participado o equipo redactor a maiores dos mínimos esixidos	4
Numero de traballos relacionados coa mellora da envolvente de edificios nos que teña participado o equipo redactor, a maiores do mínimo esixido	8

As puntuacións obtidas na valoración dos criterios do sobre “B” son as seguintes:

LICITADORES	PREZO	EXPERIENCIA	TOTAL
DAVID VAZQUEZ GARCIA	44,630	26	70,630 puntos
VICTOR GRANDE NIETO	40,784	26	66,784 puntos
CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACION S.L.	39,414	26	65,414 puntos

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación da “*Asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)*”, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE “A”	SOBRE “B”	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	DAVID VAZQUEZ GARCIA	20,5	70,630	91,130 puntos
2ª	VICTOR GRANDE NIETO	23	66,784	89,78 puntos
3ª	CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACION S.L.	13	65,414	78,414 puntos

- 2) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación o procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “*Asistencia técnica para redacción de proxecto básico e de execución das actuacións de conservación do Palacete das Mendoza (sede Turismo Rías Baixas)*”, a DAVID VAZQUEZ GARCIA (44480263B) que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado, e de acordo co seguinte detalle:

1.Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	10.143,14 €
IVE (21 %):	2.103,06 €



Importe total ofertado:	12.246,20 €
-------------------------	-------------

2. Experiencia del equipo de trabajo superior al mínimo establecido en los pliegos

Criterio	Numero proxectos ofertados (a maiores dos mínimos)
Numero de proxectos de rehabilitación de edificios históricos no que teña participado o equipo redactor a maiores dos mínimos esixidos	4 proxectos rehabilitación 6 proxectos de restauracion
Numero de traballos relacionados coa mellora da envolvente de edificios nos que teña participado o equipo redactor, a maiores do mínimo esixido	5 proxectos arquitecto 2 proxectos arq. técnico

A Mesa de Contratación comproba que a DAVID VAZQUEZ GARCIA (44480263B) figura inscrito no rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

- 3) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira ao empresario, DAVID VAZQUEZ GARCIA (44480263B) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 507,16 euros.
- 4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e doce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

